



INTRODUCCIÓN

O club de lectura e encontros literarios Nébeda ten como finalidade a creación de hábitos lectores entre estudantes da Universidade, ao tempo que fomenta a utilización da lingua galega e o coñecemento da nosa literatura contemporánea. Todo proceso de aprendizaxe no ensino superior debe pasar por unha competencia lectora, definida pola OCDE como a de «comprender, utilizar, reflexionar e interesarse polos textos escritos, para acadar os propios obxectivos, desenvolver o coñecemento e potencial persoais, e participar na sociedade», que debe ser intelectual, crítica e creativa. Unicamente desde esta lectura o alumnado será quen de analizar a literatura científica. Para chegar a ela é imprescindible crear un hábito lector na Universidade, en que se implique toda a comunidade (docentes, PAS e alumnado). Nébeda quere ser un lugar de encontro, arredor da lectura, interxeracional e entre os distintos grupos da comunidade universitaria.

Nébeda promove a utilización da lingua galega e potencia o achegamento á narrativa, poesía, teatro ou banda deseñada contemporáneas en galego. Procura tamén o diálogo con outras artes, como o cine, realizando sesións debate cinematográfico. Pretende a interacción cos textos, chegando á creación dunha obra propia (texto, imaxe fotográfica ou vídeo).

OBXECTIVOS

1. Fomentar a lectura de obras de creación entre a comunidade universitaria, para o seu beneficio e entretemento.
2. Crear hábitos lectores entre estudantes da Universidade.
3. Potenciar o coñecemento dos autores e autoras galegos contemporáneos, así como a utilización da nosa lingua.
4. Favorecer o espírito de crítica literaria, tan útil para comezar calquera proceso de investigación.
5. Socializar a lectura, compartila con outros membros da comunidade universitaria e cos propios autores e autoras das obras.
6. Animar á relación interxeracional a través da cultura.
7. Estimular a creatividade, a difusión de ideas, mesmo a posible creación dun texto literario.
8. Alimentar a lectura como ferramenta de emancipación persoal e social, imprescindible para a independencia na aprendizaxe continua.
9. Fomentar a participación activa a través das actividades culturais.

A QUEN VAI DIRIXIDO

O club de lectura está dirixido a alumnado, PAS e PDI da Universidade da Coruña, aínda que o curso completo coa realización de todas as actividades para a obtención de 2 ECTS está focalizado ao alumnado da UDC.

LUGAR E DATA

No *Recuncho de lectura Xohana Torres*, da Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación durante o curso académico 2017/2018 nas datas especificadas no programa.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

A modalidade das actividades do club é semipresencial, cun total aproximado de 30 h. Cada lectura e cada encontro contarán cunha entrada no *blog nebedaclubelectura.wordpress.com*, con información sobre obra e autor/a, con ligazóns e bibliografía, que deberá ler e comentar quen participe no curso. Haberá un total de cinco lecturas cos seus respectivos cinco encontros literarios co autor/a correspondente, de dúas horas de duración cada un deles. Inclúe a proxección dunha película relacionada cun dos textos, con debate posterior moderado por Juan José Bueno Aguilar.

A Biblioteca contará con varios exemplares de cada unha das obras para levar en préstamo. No Recuncho de lectura da Biblioteca está a colección de literatura galego-portuguesa e a de banda deseñada, que se poderá utilizar para complementar as distintas lecturas.

As persoas participantes deberán realizar as seguintes tarefas para aprobar o curso:

1. Ler as 5 obras
2. Crear un *booktrailer* sobre unha das obras, en que se anime á súa lectura. Os *booktrailers* serán publicados na canle de vídeos do club.
3. Elaborar un texto creativo a partir dunha das obras que hai que ler.
4. Elaborar un texto comentado sobre unha das obras.
5. Recrear un dos textos en imaxes fotográficas.
6. Participar nos encontros literarios e na sesión de cine.
7. Realizar o seguimento en liña do club, lendo o que se publica e engadindo, polo menos, un comentario en cada *post* do *blog*.

ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN E RELATORAS/ES

Organiza o Servizo de Normalización Lingüística e a Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación.

Coordina: Inma Doval Porto (bibliotecaria na Facultade de Ciencias da Educación)

Moderador de sesión de cine: Juan José Bueno Aguilar (profesor na Facultade de Ciencias da Educación)

Relatoras/es: autoras e autores literarios galego-portugueses.

PROGRAMA DO PRIMEIRO CUATRIMESTRE

Outubro 2017 → Poesía e prosa poética. Cine e literatura. Lectura da obra *O deserto* de María do Cebreiro. Lectura da información que se publica no *blog* de Nébeda e comentarios neste. Participación no encontro literario coa autora e na sesión de cine. Creación literaria: cada participante realizará un texto creativo a partir do filme.

Martes, 17/10/2017

17:00 h **O deserto**
Relatora: María do Cebreiro
Escritora e autora da obra. Doutora en Teoría da Literatura e profesora na USC

Outubro, data por determinar

17:00 h Debate de *Viaggio in Italia* (1954), de Roberto Rossellini
Modera: Juan José Bueno Aguilar
Profesor na Facultade de Ciencias da Educación da UDC

Martes, 12/12/2017

17:00 h **Isóbaras**
Relator: Gustavo Pernas (autor da obra)
Dramaturgo, actor e director de teatro

Decembro 2017 → Teatro. Lectura da obra *Isóbaras* de Gustavo Pernas. Lectura da información que se publique no *blog* de Nébeda e comentarios neste. Participación no encontro literario.

PROGRAMA DO SEGUNDO CUATRIMESTRE.

Febreiro 2018 → Narrativa. Lectura da obra *Os nenos da varíola* de María Solar. Lectura da información publicada no *blog* de Nébeda e comentarios neste. Participación no encontro literario coa autora. **Literatura e imaxe fotográfica:** Recreación en imaxes fotográficas da obra por parte de cada participante.

Data por determinar

17:00 h **Os nenos da variola**
Relatora: **María Solar** (autora da obra)
Escritora e periodista

Abril 2018 → Banda deseñada. Lectura da obra *Cabana de Balieiros* de Tokio. Lectura da información publicada no *blog* de Nébeda e comentarios neste. Participación no encontro literario co autor. **Comunicación social de lectura:** Creación por parte de cada participante dun *booktrailer* sobre esta.

Data por determinar

17:00 h ***Cabana de Balieiros***
Relator: **Tokio** (autor da obra)
Escritor, ilustrador e biólogo

Maio 2018 → narrativa. Lectura da obra *As mans da terra* de Laura Rey. Lectura da información publicada no *blog* de Nébeda e comentarios nesta. Participación no encontro literario coa autora. **Achegamento á crítica literaria:** Creación por parte de cada participante dun texto comentado sobre esta.

Data por determinar

17:00 h ***As mans da terra***
Relatora: **Laura Rey Pasandín** (autora da obra)
Escritora e educadora social